



### ¿CÓMO MEDIMOS A TEMPERATURA DO AIRE?

Os termómetros entregados hai anos por Meteogalicia son similares ó que se mostra na seguinte figura:



Trátase dun termómetro de mercurio composto dun capilar con dúas columnas tendo cada unha delas dúas testemuñas azuis no seu interior, que rematan na súa base nunha pequena esfera. As variacións de temperatura ó longo do día, farán que o mercurio se mova polo interior do capilar, arrastrando consigo ás testemuñas, que quedarán situados nos puntos onde a temperatura do día foi mínima ou máxima dependendo da columna.

Así, a temperatura máxima obtense da lectura do extremo inferior da testemuña da columna da dereita e a temperatura mínima obtense do extremo inferior da testemuña da columna da esquerda.

Unha vez rexistradas as temperaturas cómpre preparar o termómetro para unha nova medida, para iso púlsase o botón que hai entre as dúas columnas do capilar ata que as testemuñas estean en contacto cos extremos do mercurio.



### Actualmente entrégase un termómetro dixital

O tipo de termómetro dixital que empregamos pódese ver na seguinte imaxe:



Na parte superior mostrase a temperatura máxima desde a última vez que se pulsou o botón de "clear". Da mesma forma, na parte inferior pódese ver a temperatura mínima. Na parte central aparece a temperatura actual. Este tipo de termómetro permite cambiar entre grados Celsius e Fahrenheit.